



RESOLUCIÓN DEFINITIVA DE ADXUDICACIÓN NO MARCO DA CONVOCATORIA DE 8 AXUDAS PARA PARTICIPAR NUN CURSO INTENSIVO QUE TERÁ LUGAR DO 26 DE SETEMBRO AO 2 DE OUTUBRO DE 2021 NO MARCO DO PROXECTO ERASMUS+ KA2 UNIFORS 2020 (UNIVERSITIES FOR FUTURE WORK SKILLS 2020) NA HAUTE ÉCOLE DE LA PROVINCE DE LIÈGE (BÉLXICA)

Mediante Resolución Reitoral de 7 de xuño de 2021 na que se regula a convocatoria do epígrafe e unha vez publicada a Resolución provisional de concesión

ESTA REITORÍA RESOLVE

Publicar a listaxe definitiva de axudas concedidas conforme ao Anexo I desta resolución.

De conformidade co establecido no apartado 8 da Resolución Reitoral de 7 de xuño de 2021 na que se regula a convocatoria do epígrafe:

*As persoas seleccionadas deberán manifestar a súa aceptación ou renuncia a través da **sede electrónica** da UVIGO (<https://sede.uvigo.gal>) mediante a **instancia xenérica** (SXER) dirixida á **OPI** Oficina de Proxectos Internacionais, no **prazo de 10 días hábiles** desde a publicación desta resolución definitiva de concesión. De non facelo nese prazo, entenderase que renuncian.*

Así mesmo, de conformidade co establecido no apartado 9 da Resolución Reitoral de 7 de xuño de 2021 na que se regula a convocatoria do epígrafe:

*A persoa beneficiaria deberá presentar a través da sede electrónica da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal>) mediante **instancia xenérica** (SXER) dirixida a OPI a seguinte documentación:*

- 1. Antes de iniciar a estada: Copia da tarxeta sanitaria europea e dun seguro de asistencia en viaxe*
- 2. Ao finalizar a estada: Certificado de realización da estada e títulos de transporte (ida e volta).*

Durante o período de intercambio deberá estar matriculado/a en calquera titulación da Universidade de Vigo.

A persoa beneficiaria deberá cumprir coas obrigas establecidas no artigo 14.1 da Lei 38/2003 do 17 de novembro Lei xeral de subvencións.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Vigo na data de sinatura electrónica

Por delegación RR 26/05/2020 (DOG 04/06/2020)

A Vicerreitora de responsabilidade social

Internacionalización e cooperación

María Isabel Doval Ruiz



CSV : GEN-9be8-afc-fdef-161d-0a09-f765-e7ce-75f3

Url validación : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>

FIRMANTE(1) : MARIA ISABEL DOVAL RUIZ | FECHA : 27/08/2021 09:24 | NOTAS : F



ANEXO I
LISTAXE DEFINITIVA DE SOLICITUDES CONCEDIDAS

Apellidos	Nome
Casas Rodríguez	Diego
Forlano Espino	Ayelén Nerea
Núñez Cavilla	Luciana
Ortega Seoane	Alexia
Pereira Castro	Andrea
Pérez Varela	Iria
Villar González	Sandra



CSV : GEN-9be8-affc-fdef-161d-0a09-f765-e7ce-75f3

Url validación : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>

FIRMANTE(1) : MARIA ISABEL DOVAL RUIZ | FECHA : 27/08/2021 09:24 | NOTAS : F